

Sumario

- Sumario	pax. 1
- Editorial	pax. 2
- Marusía	pax. 3
- Manuel Lugo Freire - As letras galegas e a emigración	pax. 4 - 5 - 6
- Retorno	pax. 7
- Emigración, razóns e alternativa	pax. 8 - 9 - 10
- O rastro da emigración	pax. 11
- Autogoberno e Fiscalidade	pax. 12 - 13 - 14
- Reflexións dun emigrante retornado	pax. 15
- Os emigrantes retornados de Suíza: prestacións de seguridade dende os novos acordos entre a CEE e Suíza	pax. 16
- O Reino de Galicia na idade media. A formación dunha nación	pax. 17 - 18
- As Irmandades da Fala	pax. 19
- Por que un novo estatuto de nación para Galiza?	pax. 20
- Estamos no mundo	pax. 21 - 22
- Nunca Máis, un berro que non debe cesar	pax. 23
- Porto da Coruña, ano mil novecentos e pouco	pax. 24

Para o envío de traballos, artigos, reportaxes, novas, opinións, consultas, publicidade, etc...

Contactar con:

MARUSIA

Rúa do Home Santo, 10 baixo
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 619 61 22 40

MARUSIA permite a reprodución total ou parcial dos artigos contidos nesta publicación, sempre e cando se cite a súa procedencia

Do mesmo xeito, MARUSÍA non se fai responsable das opinións verquidas nas diversas colaboracións



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Editorial

MARUSÍA

Marusía nace con vocación de solidariedade co mundo migratorio, ao considerármonos, inda que retornados xa, parte da diáspora. Ao tempo que fundabamos a Asociación tamén denunciámos as inxustizas que pensionistas por accidente ou enfermidade sufrían, emigrantes retornados sobre todo de Suíza.

Esta situación na seguridade social española, **incomprensíbel**, non se correspondía coa sensibilidade que se di ter coa emigración: en menos de cinco minutos un médico dos EVI (Equipo de Valoración de Invalideces), ten axudado a decidir a eliminación de moitas pensións, recoñecidas e pagadas no estranxeiro a estes emigrantes, cando volvían sós ou coa familia definitivamente.

Estes recoñecementos carecen de profesionalidade por estaren feitos **só por un médico**, nun mínimo de tempo e non por un equipo. Moi diferente a como ese paciente lle deron a invalidez na emigración. Esta falta de xustiza e de lóxica puxo en precario a moitos emigrantes retornados porque lles sacaron as pensión, pero as doenzas non.

As experiencias da vida son coñecementos de referencia para mellor interpretala, distinguir os acertos e os erros, verdades e mentiras, etc. Entre emigrantes temos escoitado moitas veces a alguén dicir que era moi considerado no traballo e que os patróns lles dicían ser como da familia. Estas palabras escoitounas máis dunha vez xente traballadora, sen papeis, e máis no servizo doméstico, que absorbeu moita man de obra de galegos e galegas. Estas relacións tan familiares víñanse abaixo, salvo excepcións, cando o empregado conseguía os seus papeis para traballar en regra e pedía un horario normal para dedicarlle máis tempo á súa verdadeira familia ou pedía un aumento de salario. Daquela era cando non se parecían en nada, nin como familia, nin na educación nin en cultura e sobre todo nos obxectivos e intereses. O/a empregado/a conseguía menos paternalismo pero moita máis liberdade e mellores condicións de vida, en definitiva **menos resignación**.

A palabra resignación non figura nos estatutos de Marusía, a de solidariedade si, como antes mencionamos, e solidariedade non quere dicir pasividade diante dos **20.000 galegos e galegas** que están saíndo de media a buscar a vida fóra nos últimos anos sen que iso nos arrepíe. As gabanzas de desenvolvemento e autosatisfacción que nos veñen brindando ao mesmo tempo algúns políticos nestes últimos anos non coincide para nada co posto que ocupamos no Estado e tamén na UE.

O esforzo da emigración, sendo importante, non é solución para Galiza, non é na cantidade de esforzo onde veremos o progreso da Nosa Terra pero si na calidade, social, cultural e política.

Por todo isto interésanos a aprobación dun novo Estatuto, que dende Marusía queremos que inclúa as maiores competencias e que poida ser unha ferramenta vital coa que traballar o noso presente e para responsabilizarnos tamén do noso futuro, con vida propia, sen paternalismos, titores nin mentiras. O aumento do custo da vida, estancamento de salarios, paro, etc., xa o constatamos tódos os días como feitos consumados, a nosa liberdade non se pode limitar a protestas no bar ou no supermercado, temos que ter leis que nos protexan como pobo propio e diferente, que ese é mérito dos galegos e das galegas, e decidir o noso futuro tamén debe ser mérito noso pero para iso o máis importante non é coller a maleta.

Galiza foi, e aínda segue a ser, válvula de escape de man de obra, aínda que agora tamén cualificada, pero tamén se lle escaparon e aínda se lle van, as divisas, un sector agro leiteiro que podía ser moi importante, sector naval, pesqueiro, infraestruturas, etc.; aínda que cambiou a moeda seguimos pagando os "pesos a seis pesetas". A política non depende só dos políticos, como a nosa saúde non depende só dos médicos ou o funcionamento dunha cooperativa do seu xerente. Se xa non hai unha ditadura que asasinou a Alexandre Bóveda, *alma máter* daquel Estatuto galego do 36 e a tantos outros, que enviou ao exilio os máis afervoados defensores de Galiza, como Castelao, que deixou dito "temos que petar na alma do pobo até conquistar un estado de opinión revolucionario", pois teremos que facer isto último, coñecendo a nosa historia e a nosa realidade para que as novas xeracións non leven a marca rexistrada do produto emigración e non digan de nós que fomos simples observadores pasivos.



Marusia

Marusía nace en abril de 2001 cun grupo de emigrantes que volven de Suíza con experiencias no traballo asociativo en diferentes centros galegos do país helvético. A emigración a Europa, aínda tendo máis contactos con Galiza que a de América, atópase con moitas sorpresas ao volver.

De inxustiza máis que de sorpresa pódense cualificar a retirada de moitas pensións de invalidez que emigrantes galegos traían de Suíza. Desde Marusía saímos denunciando estas tropelías nos medios de comunicación e xa no 2001, o deputado do BNG en Madrid, Carlos Aymerich, fixo unha pregunta sobre este tema no Congreso.



Xantar anual de Marusía

“En Marusía ir traballar a Canarias e a outros lugares non o chamamos “mobilidade xeográfica”, dicímoslle emigración encuberta sen ambigüidades e este non é o futuro que nós queremos para Galiza.”

Un ano despois, conseguimos o compromiso verbal do Equipo de Valoración de Invalideces (EVI) da Coruña de non cuestionar aquí en cinco minutos de inspección a porcentaxe de invalidez que viña asignada de Suíza despois de anos de controis médicos e dunha pensión que non paga o Estado español.

Marusía forma parte da que é a primeira Federación Galega de Emigrantes Retornados, desde a súa fundación en 2004, como mellor xeito de colaboración entre diferentes asociacións e diferentes problemas. Así mesmo, temos participado en debates e convocado mesas redondas coa intervención de profesionais do mundo social, xurídico, literario, industrial, sindical e político do noso país.

O pasado 27 de abril, Marusía foi invitada pola Comisión do Parlamento Galego para a Reforma do Estatuto, onde o presidente da asociación, Manuel Domínguez Rial, e o secretario, Xosé Lois Leiros Gude, expuxeron o sentir da asociación remarcando que non só defendemos os dereitos dos emigrantes, senón que tamén os de Galiza como nación, dispostos a forxar o seu futuro en liberdade sen paternalismos nin titorías. Defender estas posturas non é banal e o respecto aos pobos tamén se asina en documentos.

En Marusía ir traballar a Canarias e a outros lugares non o chamamos “mobilidade xeográfica”, dicímoslle **emigración encuberta** sen ambigüidades e este non é o futuro que nós queremos para Galiza.

Desde aquí temos, finalmente que darlle as grazas a todos os socios pola súa solidariedade, en especial aos socios fundadores e, como non, a todos os colaboradores que axudaron a facer realidade esta revista.



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS – 17 DE MAIO DE 2006

MANUEL LUGRÍS FREIRE – AS LETRAS

GALEGAS E A EMIGRACIÓN Manuel Álvarez Lozano



O *Día das Letras Galegas* foi instituído pola Real Academia Galega o 17 de maio de 1962, en conmemoración da publicación de **Cantares Galegos**, de Rosalía de Castro. Van alá, pois, 44 anos e outros tantos nomes, que abranguen dende os clásicos do Rexurdimento, Rosalía a primeira, Pondal e Curros, ata os do século XX, Castelao, Cunqueiro, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, etc.; sen esquecer grandes autores da literatura medieval, como Afonso X O Sabio, Martín Codax ou Mendinho. A chamada Ilustración está representada polo seu máis notable protagonista, o Padre Sarmiento; así como o Grupo Nós, con Otero Pedrayo, ou as Irmandades, con Ramón Cabanillas; por citar mostras ilustres dunha cultura intensa como a nosa, e dos seus grandes fitos históricos.

A emigración, o exilio americano tamén están representados, como non podía ser menos, dado que o contacto coa terra é permanente: Luís Seoane, Curros, Vilar Ponte, Cabanillas, Blanco Amor, Avilés de Taramancos, Neira Vilas, Lorenzo Varela ou o propio Lugrís, ilustran o amplo espectro da diáspora americana,

a súa implicación e o seu compromiso coa cultura do país, mais alá das súas fronteiras. A pesar de ser o fenómeno migratorio o máis importante e condicionador da nosa historia contemporánea (Sixirei Paredes, C. "O papel histórico da emigración galega en América", *Encrucillada*, vol. XV, p 469-70), está por estudar a súa contribución á historia cultural común (só contamos con aproximacións puntuais), pero non esquezamos que unha boa parte da creación e/ou produción asociada á nosa literatura e a outras manifestacións artísticas pertence á chamada Galicia da diáspora, que será considerada polo galeguismo como un exemplo para a Galicia europea. Como dixo Alonso Montero (*Grial*, nº 99, p.16), a propósito da fundación da Real Academia Galega, "o que en 35 anos non foi posible arranxar na Galicia da Terra levouse a cabo nun lugar da Galicia emigrante, na Habana", Cuba, Montevideo, Río da Prata, México, N. York..., América de Norte a Sur participou activamente na construción interna deste país, porque financiou proxectos dentro e fóra de Galicia: axuda ao Seminario de Estudos Galegos, funda a RAG, levanta monumentos, edita libros e revistas (pénsese en Vieiros, por exemplo), etc., ademais de crear ambientes intelectualmente vi-





“A súa constante actividade levarao a ser membro fundador da Asociación da Prensa da Coruña (1904), e a participar, neste mesmo ano, nun par de actos importantes”

vos que alentarían o galeguismo (en Cuba escoitouse por vez primeira o noso himno, en decembro de 1907) e acollerían os exiliados na posguerra.

Así pois, ollar o listado de nomes dos homenaxeados é tanto como facer un percorrido pola cultura galega, dende os seus inicios ata a actualidade, constando asemade como a celebración mesma coñeceu, dende os seus primeiros anos, un notable avance no que se refire á súa recepción, actividade editorial, repercusión sociocultural, produción bibliográfica, actos conmemorativos, etc. Non esquezamos tampouco os cambios sociopolíticos acaecidos no país dende aquela: a desaparición da ditadura e a chegada do Estado das Autonomías, coa Lei de normalización lingüística, a introdución do galego no ensino, etc. Sen entrar en valoracións, está claro que se produciron ao longo destes anos uns cambios que permitiron o agromar dunha sociedade moito máis normal e o desenvolvemento paulatino dun mercado editorial, por exemplo, que utilizaba, e segue a utilizar, determinadas efemérides culturais, especialmente o Día das Letras, para promocionar as súas publicacións, sobre todo o fondo literario. En todo caso, o recurso a determinadas datas para enganchar ao público é unha práctica común en situacións socioculturais menos condicionadas e dependentes cá galega; por outra parte, mitos, símbolos, celebracións, etc. Son ferramentas dunha eficacia extraordinaria para a consolidación institucional dunha cultura; que llo pregunten á Igrexa, que nisto ten unha longa e exitosa experiencia, ou á propia maquinaria cultural española.

As críticas que durante algún tempo recibiu esta efeméride por parte de intelectuais vencellados ao nacionalismo (polo que había de rito, e polo tanto de artificio, na súa celebración), cuestionaban sobre todo unha política lingüística que corría o risco de converter a lingua nun obxecto de culto, relixioso, ao que só se lle prestaba atención un día ao ano, sen atender debidamente á súa recuperación efectiva, en definitiva, á súa normalización social.

En todo caso, o que si é evidente é que serviu, entre outras cousas, para realizar, con algúns dos autores homenaxeados, un labor de estudo, difusión e recuperación da súa obra, absolutamente imprescindible e de auténtica xustiza. É doado constatar isto coa perspectiva que dá a atalaia dos 44 anos xa de dedicación, e aínda que non fora máis que por isto, estaría dabondo xustificada a súa existencia.

MANUEL LUGRÍS FREIRE.

No autor homenaxeado este ano, Manuel Luguís Freire, coinciden as dúas Galicias, a do interior e a da diáspora. Tamén el emigrante en Cuba, constitúe un paradigma, un exemplo do paisano emigrado, absolutamente comprometido co país, como o demostra amplamente con toda a actividade despregada.

Nacido en Sada no 1863 (ano da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, e comezo do Rexurdimento), aos 20 anos emigra a Cuba, onde enseguida se integra na colectividade galega da Habana, e así vémolos no 1844 exercendo de vogal do Centro Galego desta localidade. Home de carácter moi traballador, fortes conviccións ideolóxicas e grandes inquedanzas culturais, axiña comeza a súa actividade como escritor, publicando a súa primeira obra de teatro, *A costureira da aldea* (1885) e a súa primeira novela *O penedo do crime* (1885), por entregas en *El Eco de Galicia*. Tamén neste ano funda *A Gaita Gallega*, primeira publicación integramente en galego que se edita en América. Hai que dicir que en Cuba vai encontrar un ambiente propicio; este país configúrase ao longo do rexionalismo, ou sexa, a finais do século XIX e principios do XX, como un foco de grande influencia no devir do galeguismo.

Despois de tomar parte na homenaxe da colectividade a Curros en 1894, no 1896 retorna a Galicia. Instalado na Coruña, participa na tertulia galeguista da Cova Céltica e continúa moi vinculado ao rexionalismo.

Sempre lle interesou moito o teatro, por iso non nos estraña atopalo fundando con Galo Salinas no ano 1903, a Escola Rexional de Declamacións, da que acabará sendo director. Ao mesmo tempo prosegue o seu labor de escritor e neste mesmo ano estrea, no Teatro Principal da Coruña, *A ponte*, obra que inaugura o teatro galego en prosa.

A súa constante actividade levarao a ser membro fundador da Asociación da Prensa da Coruña (1904), e a participar, neste mesmo ano, nun par de actos importantes: a homenaxe que a Liga Gallega da Coruña lle dedica a Curros na súa última viaxe a Galicia, e na inauguración do monumento aos Mártires de Carral.

Sen abandonar en ningún momento o seu activismo cultural, participa no 1906 na fundación da Real Academia Galega, e 10 anos máis tarde na das Irmandades da Fala. Colabora na prensa da época, e no 1922 publica a súa *Gramática do idioma galego*; esta non pasa de ser unha adaptación, non sempre afortunada, da de Saco e Arce (1864), pero ten o mérito de ser a primeira escrita integramente en galego e chegou a ver unha segunda edición. No 1923 ingresa como socio do Seminario de Estudos Galegos, versando o seu discurso de ingreso sobre Pondal, co que mantivo unha estreita relación dende a súa chegada á Coruña (dise, por exemplo, que Luguís o acompañou no seu leito de morte).

A culminación do seu activismo político será a súa participación como membro da Comisión Redactora do anteproxecto do Estatuto de Galicia, e membro do conse-



O que logo sería Presidente da Real Academia Galega, Manuel Lugo Freire diríxese aos asistentes nos actos celebrados en Carral o día 26 de Abril de 1931

Ilo que vai redactar os estatutos do Partido Galeguista (1931), pero sobre todo, cando participa no referendo do propio Estatuto (cóntase que despois de votar comentou que xa podía morrer). No 1934 é nomeado Presidente da Real Academia Galega, e con el inaugúrase o monumento a Curros na Coruña, estando presente o presidente da República Española, Nicolás Alcalá Zamora. No 1935 ten que abandonar o cargo por motivos de saúde, pasando os seus últimos anos recluído na súa casa, ata o 1940, en que finalmente morre.

Como afirma Enrique Rabunhal nunha recente entrevista concedida a **A Nosa Terra** (9-15 de marzo de 2006), Manuel Lugo Freire, sen ser un Cunqueiro, é unha desas persoas imprescindibles para a construción da literatura galega, e eu diría que para a boa saúde da cultura de calquera país.

Incansable traballador, inquedo e polifacético, aquela actividade escritora que comezara na Habana non rematará ata a súa morte. E, para rematar, un breve repaso polo resto da súa produción:

Como poeta publica aos 31 anos o seu primeiro libro, con poemas que antes apareceran na prensa; titúlase **Soldades**, con prólogo de Curros Enríquez; **Noitebras**, fortemente influenciado pola morte da súa muller, aparece na Coruña en 1901. **Versos de loita**, con poemas de contido social e reivindicativo, e **As mariñas de Sada**, serán os seus últimos traballos neste eido.

A maior parte da súa obra narrativa viu a luz primeiro na prensa, tanto galega como americana, baixo diversos pseudónimos como **Roque das Mariñas**, **Asieumedre**, **Asieumedre (1908)**. O resto da súa obra foi recuperada e publicada máis postumamente (X. Campos Villar: *A obra narrativa en galego de M. Lugo Freire*, 2000).

Pero quizais o seu mérito principal estribe non só no seu activismo cultural (e político), senón tamén na súa actividade teatral, iniciada moi axiña, na Habana, como xa quedou dito. Foi o iniciador do teatro galego en prosa, e a aquela comedia estreada en Cuba habería que sumar, entre outros títulos, **A ponte** e **Mareiras**, estreadas as dúas no Teatro Principal da Coruña en 1903 e 1904 respectivamente, e, por último, **Minia**, estreada no teatro Jofre, do Ferrol.




RETORNO

Xosé Neira Vilas



Eu son un emigrante retornado. E fórono (xunto con moitas máis persoas, de variados oficios e actividades) outros escritores. Por poñer uns exemplos mínimos: Manuel Lugo Freire, Antón Vilar Ponte ou Ramón Caballillas, nos finais do século XIX e comezos do (XX). E no noso tempo podo citar a Eliseo Alonso, Xosé Conde ou Eduardo Blanco Amor. Estiven 43 anos caneando polos camiños de América. Blanco Amor gañoume pois tardou 45 en volver definitivamente, e dicía que ese case medio século de ausencia fora unha maneira como outra calquera de perder o tempo. Iso comentaba con certa sorna algunhas veces, aínda que outras opinaba que sendo Galicia case un gueto, un país incomunicado, cunhas xentes, ademais, escasamente comunicativas, beneficiouse coa emigración no sentido de que nos abreu novos horizontes, ampliou o noso mundo, a nosa visión das cousas e deunos unha



Xaquín Marín

óptica de universalidade. Nisto non lle faltaba razón a Eduardo aínda que se contradicise con aquilo de "perder o tempo".

Podemos preguntarnos que perdeu e que gañou Galicia coa emigración. De entrada economicamente perdeu. Un país convertido en viveiro de emigrantes é natural que perda cunha riada así. Íase e aínda se vai, a xente moza, sa e con inquiredanzas. O enclenque non marchaba e o preguiceiro tampouco. Os que embarcaban, ao día seguinte de chegar xa estaban traballando, creando riqueza, enchendo coa súa suor arcas alleas. Dende o punto de vista psíquico tamén deixou eivas irreversibles, coa separación das familias, a necesaria adaptación a outras culturas, a frustración do fracaso posible.

Pero xa que ocorreu, podemos mencionar algo do que gañou Galicia. Chegaron uns aforros que serviron para redimir uns foros, cancelar unhas hipotecas, posibilitar que moitos fillos de emigrantes accedesen a estudos superiores. Chegaron 298 escolas para paliar o analfabetismo que padecía o país, editáronse libros, tróuxose un modo de vida e de costumes, unhas casas levantadas en territorio galego que eran algo así como unha carta visible de triunfo. A emigración xa trouxo estatutos para sindicatos, proxectos hixiénicos para a rexeneración das aldeas; tróuxonos unha bandeira, un himno, unha Academia, símbolos de realidades institucionais que seguen tendo vixencia despois de cen anos pois son oficiais no actual sistema autonómico. E moitas outras cousas, de contido material ou cultural.

Retornar é volver ás orixes, volver ao eido natal, á infancia e aos anos mozos, é percorrer, outra vez os camiños hai tempo andados, ver os vellos amigos e veciños cos seus fillos e netos e buscar comparanzas nos rostros; é evocar xogos, romarías, entroidos, e tamén molladuras, talvez fames, os zocos, ou o xeito de traballar a terra nos tempos que se foron. Todo cambiou moito, pero o retornado, ademais de alegrarse, vaise afacendo aos cambios, vai aprendendo outra linguaxe acorde cos tempos e coas cousas que hai que nomear

Somos retornados. Volvemos ao noso. Estamos de novo no recanto que nos viu nacer (certo que algúns non volveron exactamente ao mesmo sitio, pero é igual, pois regresaron ao contexto social, político e xeográfico do país galego). Castelao dicía que os nosos ósos están feitos das pedras do lugar onde viñemos ao mundo e o noso sangue vén dos regueiros nos que batuxamos de nenos. E que lle vimos devolver á terra o corpo que nos emprestou.



Emigración, razóns e alternativa

Manuel Mera



A emigración galega non é un fenómeno do século pasado e moito menos podemos considerala exclusivamente dirixida a Cuba e Arxentina. Trátase dun proceso moito máis sostido no tempo e con lugares de destino moi diversos segundo o período histórico de referencia. O seu carácter secular levou a algúns analistas a considerar -por erro ou interese- que era algo consubstancial co carácter do noso pobo, **sen ter en conta que había motivos económicos, sociais e políticos que empuraron a unha gran parte da poboación a procurar unha saída lonxe da súa patria**. Choca contra esa análise simplista a “morriña” coa que a nosa xente respondía ao afastamento de Galiza, que reflicte máis un exilio doloroso que un desexo de procurar no exterior unha nova vida.

A emigración sempre foi, cando falamos de fenómenos masivos, **unha traxedia persoal e colectiva**. Tanto para o país que sofre a perda de parte da súa poboación -case que sempre a máis moza e atrevida- como para a nación que recibe milleiros (ás veces millóns) de inmigrantes. Non se debe ignorar que hipoteca a mocidade do emigrante, que racha as súas relacións persoais e que se converte nun estraño na nación que o recibe, onde adaptarse xa non é tan doado e natural como durante o tempo da nenez.

Pola outra banda, o estado que acolle inmigracións masivas ten que aceptar mudanzas na súa cultura, máis man de obra de reserva e un sector importante da poboación que non está integrado e, nalgúns casos, nunca se integrará. As avaliacións como un feito positivo non teñen en conta as persoas que a padecen, senón exclusivamente os resultados económicos dende unha visión neoliberal. O migrante sempre é o chanzo máis baixo no país receptor, por máis dura que sexa a realidade económica que deixa atrás, e por máis alto que sexa o nivel económico na nación receptora.

Emigración e dependencia

Non todas as emigracións foron económicas; hai tamén políticas, e convén lembralas. Vexamos algunhas. A que produciu o triunfo de Enrique de Trastámara sobre Pedro I de Castela, que levou a cincocentos nobres e cabaleiros galegos a buscaren refuxio en Portugal, seguido dun proceso castelanizante e centralista, a finais do século XIV. Ou en 1846, cando fracasou a revolución liberal -empregando o termo nun senso de progresista naquela época-. Dinos sobre o particular o historiador Emilio González López: “nunca na Idade Moderna tiña sufrido o noso pobo colectivamente tan

graves danos físicos e espirituais; e para atopar algo semellante temos que recuar á Idade Media, á época dos Trastámaras, na que se viron forzados a abandonar a terra, emigrando a Portugal, centos de cabaleiros anti-trastamaristas galegos; ou a época de Fernando IV e dos Reis Católicos, na que os cabaleiros galegos rebeldes á autoridade dos Reis de Castela foron obrigados a formar parte do exército que loitaba contra os árabes na fronteira granadina”.

Tamén hai unha forte represión en 1872, despois da fracasada insurrección de mariños e operarios no arsenal de Ferrol, polo que moitos centos foxen a Portugal que é lugar de acollida ou tránsito para América. Na súa mochila ideolóxica levan o socialismo, anarquismo e federalismo, que espallan despois na colectividade galega no exterior, contribuíndo ao agromar de centros galegos e asociacións de axuda mutua. A historia repetiríase máis unha vez co levantamento fascista contra a República en 1936.

Agora ben, mesmo a emigración que se deu por motivos económicos tivo ademais alicerces políticos, porque o desenvolvemento económico e social do noso país estivo sempre condicionado polo grao de dependencia, as guerras ou os conflitos. Un exemplo, as disputas imperialistas entre Inglaterra e España -por motivos económicos- botaron abaixo o comercio de Galiza con Portugal e o Reino Unido, illándonos. De moita maior gravidade foron as disputas con Portugal. Consecuencia: a pobreza e a emigración. Non houbo outras compensacións, como non existiron cando a entrada na Unión Europea abafou ao sector lácteo, pesqueiro e naval galego. Os nosos intereses estaban moi atrás nas prioridades que se fixou e fixa aínda hoxe o Goberno central.

Non é casual que os momentos de maior desenvolvemento de Galiza fosen cando era un Reino independente (o Reino Suevo, o chamado século de ouro), ou semi-independente ou cando o estado central estaba debilitado, por esa orde. Soberanía sempre foi sinónimo de progreso, por algo é tan importante conseguila ou mantela para todos os pobos, así como para os imperios manter baixo a súa bota extensos territorios e nacións mesmo con outras culturas e linguas diferentes, por máis que iso teña grandes custos en vidas humanas. Porque impor dependencia significa máis beneficios, troca desigual e explotación, aínda baixo as mesmas leis e regras de xogo aparentes, porque a diferenza faina aquel que xestiona, ou sexa, a clase e cultura dominante.

Non só por cartos

Hoxe considérase popularmente como xeira migratoria aquela que comezou en 1860 e rematou en 1970, ou sexa



un pouco máis dun século da nosa historia. Foi un proceso no que os países de destino foron os da América Latina, especialmente Cuba, Arxentina, Venezuela, Brasil e Uruguai; e Centroeuropa (sobre todo Alemaña e Suíza). Agora ben, tamén foron numerosos os emigrados aos Estados Unidos, México, Panamá, Chile, República Dominicana, Canada, Australia, Reino Unido, Holanda, etc. **Houbo outra emigración importante durante este período;** foi aquela que se dirixiu a Madrid, Cataluña e Euscadi fundamentalmente. En total moito máis de **dous millóns de persoas** que emigraron, aínda que os datos non sempre coinciden. Eu diría que se rebaixa a emigración real deste período, especialmente transatlántica, e en troca auméntase a que hoxe reside neses países.

Aínda que as razóns da emigración foron as mesmas, e non sempre económicas, dado que a falta de liberdades e outros motivos tamén existiron como alicientes, hai diferenzas evidentes na colectividade galega no exterior segundo o continente e nación da que se trate. En todo caso a emigración xeograficamente máis



achegada a Galiza foi a que mantivo máis vínculos e a que retornou en maior número, unha vez xubilada ou por falta de traballo.

Cada emigración tivo o seu tempo e segundo o lugar de residencia o seu contributo ao desenvolvemento de Galiza. Por exemplo, dende **Cuba** deuse pulo ao primeiro galeguismo; alí fíxose **o himno**, déronse os primeiros pasos para o nacemento da **Academia Galega** e puxéronse os medios económicos para construír e que funcionasen centos de escolas. **A Arxentina** foi fundamental para o desenvolvemento da loita antiforal e a autoorganización política, a oposición ao franquismo e manter acesa a nosa cultura durante a longa noite de pedra. **Venezuela, Suíza e Alemaña** contribuíron ao desenvolvemento económico nos últimos anos do franquismo. E etcétera. A emigración, por unha banda, foi unha perda en riqueza e vitalidade, mais pola outra fixo achegas importantes para o desenvolvemento, tanto económico como cultural, que non se poden esquecer. Aínda que, repito, cuns custos persoais e colectivos moi duros e unhas consecuencias a longo prazo, que se manterán teimudamente no tempo e que ademais hipotecan o futuro.

Situación actual e propostas

Debemos de partir da idea de que a emigración galega hoxe en América é moi inferior ao que se di e que é un erro manter datos artificiais, porque impide achegármonos ao tema dende alicerces sólidos e polo tanto construtivos. Na Arxentina, onde se fala de trescentos mil paisanos, en realidade non chegan aos oitenta ou noventa mil persoas, e anciáns a maioría. En todo o continente non hai máis de 150.000 e como máximo 200.000 persoas. Outra cuestión son os fillos e netos, que suman varios millóns. Porén, mentres que sobre os primeiros hai obrigas humanitarias, con respecto aos segundos son sobre todo de tipo histórico e cultural. E sobre isto debemos pensar moito.

Pola súa banda, a emigración en Europa suscita como reto, ademais dunha relación fluída cos centros galegos, unha política especial cos que retornan, porque eles son o maior número dos que volven. E reintegrarse non é doado, especialmente para os fillos e fillas, por máis preparación

“É ben dicir que o maior número de emigrantes galegos está hoxe no resto do Estado, sobre medio millón. Hainos que levan fóra décadas, e cada ano vanse de Galiza máis de vinte mil persoas, polo que hai unha emigración recente, de xente moza, preparada, polo que o país perde unha gran parte do investimento en educación, e persoas no mellor etapa creativa da súa vida.”



Hotel de inmigrantes: comedor para homes e nenos, cerca de 1930.

que teñan. Ademais mentres os fillos dos emigrantes en Europa, aínda nacidos fóra, son culturalmente galegos, isto non acontece cos que retornan de América. É un dato a termos en conta.

E por último, é ben dicir que o maior número de emigrantes galegos está hoxe no resto do Estado, sobre **medio millón**. Hainos que levan fóra décadas, e cada ano vanse de Galiza **máis de vinte mil persoas**. Hai unha **emigración recente**, de xente moza, preparada, polo que o país perde unha gran parte do investimento en educación, e persoas no mellor etapa creativa da súa vida. Tampouco se pode ignorar que a maioría dos que emigran son persoas do rural e dos barrios das

grandes cidades, polo tanto persoas de cultura e lingua galega, o que ten consecuencias sobre a identidade nacional e a política.

Ademais, resulta utópico, un engano, chamar aos galegos e fillos de emigrantes a que retornen cando non somos quen de dar traballo aos que naceron e viven no país. Hai detrás desta lería unha clara intención explotadora que busca aumentar a man de obra pra rebaixar os custos laborais, sen ter en conta as consecuencias sociais para os que viven en Galiza ou para os que deciden retornar albisando falsos espellismos; máxime para estes últimos que carecen do “colchón familiar”. Informar correctamente é o primeiro que cómpre facer co emigrante, co retornado, co inmigrante. Despois, ofrecerlle todo tipo de axuda que o coloque en igualdade de condicións cos residentes.

Galiza é unha nación rica, de xente esforzada. As súas eivas non están na falta de unidade, como algúns din, repetindo mil veces unha mentira para falsear a verdade e facer da vítima culpábel da súa situación. A realidade é que non falta iniciativa, nin riquezas potenciais, nin man de obra cualificada, nin capitais –abonda con ver o que invisten fóra os nosos bancos e empresarios- senón poder político, soberanía. Iso é o que fixo a Madrid grande e poderosa, mesmo sendo o centro dunha meseta que perdeu pulo hai centos de anos, cando se independizaron as colonias americanas e entrou en declive a produción de la e trigo.

Sobre a asociación entre economía e poder (político), entre desenvolvemento e emprego, debemos pensar sempre cando falamos de emigración, for no período que for, e sobre todo no momento actual. **As migracións son a expresión máis dura e evidente da dependencia, da colonización e do imperialismo.** Por iso ten tanta

importancia o autogoberno, as modificacións estatutarias progresistas e, sobre todo, non abandonar nunca o obxectivo de sermos unha nación plenamente soberana, como consagra as Nacións Unidas ao recoñecer o dereito de autodeterminación aos países dependentes e ás colonias. De non avanzar por este camiño non deixaremos nunca de ficar no furgón de cola, e a emigración só minguará porque teremos unha situación demográfica definitivamente regresiva nun país sen futuro. **No mundo non hai espazo para os pobos derrotados.**

Manuel Mera

*Secretario Confederal de Formación
Sindical e Comunicación da CIG*



O RASTRO DA EMIGRACIÓN

Xosé M. Lobato Martínez

Lobato04@mixmail.com



A masiva saída dos galegos fóra das súas fronteiras ao longo da historia, é un acontecemento indubidable e perfectamente constatable. Un éxodo de tal magnitude como o galego non ten parangón, xa que se mantivo no tempo e no número de implicados e deixou pegada nas xentes deste pobo tanto no aspecto individual como social.

O fenómeno migratorio afectou en diferentes ámbitos relacións sociais, familiares, aspectos formativos e educativos..., proporcionando o desenvolvemento de peculiaridades que nos enriquecen e diferencian a nosa comunidade como pobo.

Coñecer e aceptar estas características como propias, é fundamental, para que sexan o sinal de identidade que faga agromar a nosa historia, patrimonio, cultura, mitoloxía, tradicións..., dunha sociedade plural, complexa e dispersa.

As repercusións do espectacular movemento migratorio galego son varias e incidiron en diferentes aspectos. Os afectados son todos os galegos, tanto os que cruzaron a "liña" como os que nunca o fixeron.

Un dos grandes prexudicados é o colectivo de crianzas, fillos de emigrantes que permanecen en Galicia sen os seus pais naturais, son afectados indirectamente pola dinámica dunha terra, onde os caciques son adestrados como especialistas na explotación e marxinação dos máis indefensos.

Unha investigación realizada no 2001 cunha mostra de setenta rapaces e rapazas, fillos de emigrantes e que estaban ao cargo de terceiras persoas, nalgún caso nin relacionadas por vínculos familiares, chega á conclusión de que desenvolven unha personalidade que está condicionada e afectada pola súa especial situación.

Malia isto non é adecuado xeralizar cando se trata dun colectivo que amosa diferenzas individuais propias de cada persoa, tanto na súa breve historia como actos, e os resultados obtidos deben ser considerados con reservas e, por suposto, non extrapolados a toda unha poboación. Porén, este grupo presenta en común unha situación decisiva e importante para o seu desenvolvemento persoal, afectivo, familiar, educativo..., van medrando sen a presenza do pai ou noutros casos de pai e nai.

Con todo tipo de reservas e limitacións que ten un estudo neste eido, podemos destacar algún aspecto común á personalidade do grupo de nenos e nenas estudados que non tiñan relación persoal e directa no día a día cos seus pais.

Algunhas conclusións, son as que a continuación destacamos:

1. **O autoconcepto** dos fillos de emigrantes ao cargo de terceiras persoas é inferior ao do grupo de iguais que conviven cos seus pais.
2. **En canto ao rendemento escolar**, é sensiblemente inferior aos compañeiros de aula que conviven habitualmente cos pais.
3. **As expectativas** profesionais de futuro son sensiblemente máis modestas que as do grupo de iguais.
4. **Valoran** moi positivamente a familia e a convivencia dentro dun núcleo familiar estable.
5. **Teñen** dificultades para discernir entre o pai real e o ideal.
6. **Amosan** dificultades e trastornos a nivel afectivo bastante importantes.

Ante esta situación, é necesario considerar algunhas actuacións que melloren o proceso evolutivo deste colectivo:

1. **Recoñecemento** como un grupo con identidade propia cunha problemática e necesidades concretas.
2. **Necesidade** dunha atención especial das dificultades que presentan a nivel académico.
3. **Establecer** programas de orientación psicopedagóxica, para pais e fillos, que lle axuden a diminuír as secuelas dunha situación tan traumática.
4. **Sensibilizar** á sociedade de que existen actualmente nenos e nenas nesta situación, privados da convivencia cos seus pais.
5. **Promover** medios para que un aspecto tan escuro e humillante non exista no futuro e só quede na historia máis triste de Galicia.

*A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na Convención sobre os **dereitos do NENO** aprobou por unanimidade en novembro de 1989 os seguintes artigos:*

9. *Dereito a vivir en familia.*
10. *Dereito a non ser separado dos seus pais.*



O home que máis sabe no mundo é o noso maestro. ¡Hai que ver canto sabe!



Autogoberno e fiscalidade

Xosé Díaz



De todas as nacións e comunidades autónomas do Estado, Galiza é a que precisa con maior urxencia un novo marco político. De todas as nacións do Estado, Galiza é a que lle tiraría máis rendibilidade a unha profunda mudanza do modelo de financiamento autonómico.

Este primeiro número quere ser un contributo máis para desmontar os mitos da ideoloxía oficial, aqueles que presentan a Galiza como un país pobre, inerme e inexorablemente abocado a depender da solidariedade estatal. Eses mitos son, para alén de falsos, puro veleno para o futuro do noso país. **Non é posíbel construír unha nación próspera se non se parte do control sobre os propios recursos. Non é posíbel avanzar na converxencia se non é mudando o paradigma da dependencia.** Esa é a cuestión chave. Pasarmos dunha situación de depen-

dencia estrutural –o Estado recada todos os tributos e, dous anos despois, liquídanos só unha parte deles– a un outro status que nos permita dispormos nós dos nosos propios recursos e termos poder político suficiente para os aplicar na satisfacción das nosas necesidades.

A ideoloxía oficial dos partidos españois remite invariablemente para a imaxe dun Estado español benefactor que subvén magnánimo as nosas insaciábeis demandas. Galiza viviría da solidariedade española. Máis aínda: non sería viábel sen a solidariedade española. O nacionalismo sería, pois, un proxecto materialmente irrealizábel, produto dunha ensoñación, un puro idealismo que levaría ao noso país cara o suicidio. Os galegos poderíamos aspirar no máximo ao galeguismo, entendido como un exercicio sentimental, como unha efusión do espírito, pero máis nada. No límite, poderíamos denominar a Galiza como nación, mais a seguir deberíamos renunciar a todo o que isto, en calquera país normalizado, comporta.

A realidade é moi outra. É o estado español quen vive en Galiza e das comunidades autónomas. É a periferia quen mantén o centro, e non á inversa. O nacionalismo é, pois, a opción política precisa para que este país coñeza primeiro a realidade sobre a súa economía e teña logo os resortes precisos para realmente autogobernarse.

O principio básico sobre o que percute o irracionalismo españolista é que Galiza non é viábel como nación porque non o é a súa economía. Galiza subsistiría non polo seu traballo e a súa capacidade para producir riqueza, senón grazas á magnanimidade do Estado.

O proxecto político do nacionalismo sería, por tanto, un proxecto condenado ao fracaso por inviabilidade material ou técnica.

Ese principio básico descansa nunha falsidade que os propios datos oficiais da Administración central do Estado poñen de relevo. **É falso que vivamos da solidariedade, é falso que non nos poidamos autosustentar, é falso que a economía galega resista grazas a ser subsidiada, e é certo xusto o contrario:** Galiza é perfectamente viábel e, dende logo, ten capacidade para se autofinanciar, mesmo no cadro dun marco que, como explicaremos, é in-xusto e a prexudica.



Porto de Bos Aires, arriba dun barco de inmigrantes, decembro de 1928.



Ao nacionalismo élle vital que o Estado abandone a súa resistencia teimuda e acceda a desvelar a balanza fiscal real e os mecanismos que regulan o financiamento das comunidades autónomas. De o facer, a nosa poboación coñecería a realidade e os demagogos da España solidaria terían que se bater en retirada.

O actual sistema de financiamento autonómico foi aprobado, no que atinxe ás comunidades autónomas do réxime común (todas agás Euskadi e Nafarroa), polo Consello de Política Fiscal e Financeira nas sesións plenarias do 27 de xullo e do 16 e 22 de novembro de 2001. Con posterioridade, foi adoptado como propio polas respectivas comisións mixtas Administración do Estado-comunidades autónomas e incorporado ao ordenamento xurídico vixente pola Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Os principios filosóficos que informan o sistema son, segundo os seus promotores, os de estabilidade e vontade de permanencia indefinida no tempo, xeneralidade, integración, suficiencia, autonomía e, como non, solidariedade. Porén, os trazos que verdadeiramente o caracterizan son os da opacidade e a falta de transparencia. Cumpriu agardarmos á primeira liquidación (realizada no ano 2004 e referida ao primeiro exercicio 2002) para comprobarmos o seu carácter negativo e discriminatorio con Galiza.


Negativo e discriminatorio porque o punto de partida foi unha posición negociadora entreguista por parte do Goberno galego, daquela detentado polo PP. A Xunta de Fraga non fixo cuestión de aspectos esenciais para nós como país como a situación de partida das distintas comunidades autónomas, o nivel de desenvolvemento relativo ou o custo real de subministración dos servizos. Dese xeito, no ano base de comezo do novo financiamento, as comunidades autónomas no seu conxunto obtiveron unhas **ganancias totais a respecto do pasado modelo de 1.820,52 millóns de euros, dos cales a Galiza só lle corresponderon 80,72 millóns, o 4,4 por cento, moito menos do que nos correspondería polo noso peso demográfico no Estado (6,5%), e cando as necesidades totais homoxéneas de Galiza significaban nada menos que o 7,86 por cento.**

A balanza fiscal

Os datos oficiais da liquidación do ano 2003 do sistema de financiamento e do Informe de recadación tributaria do mesmo ano son incontestábeis. Os recursos de Galiza son os que se drenan cara as centro, e non ao revés. Mesmo cun sistema fiscal que é injusto porque non están territorializados os tributos, a economía galega xera suficientes recursos para se auto-sustentar.

DATOS DO ANO 2003

O Estado recada 1944 millóns máis do que devolve á Comunidade Autónoma



O modelo é inaceptábel para Galiza porque, a diferenza do anterior, carece de **garantías de suficiencia dinámica**, o que significa que -coa única excepción do financiamento da sanidade- non ten en conta as diferenzas no crecemento económico dos distintos territorios na súa evolución temporal e o impacto que disto se deriva para a achega de recursos. Partimos en inferioridade de condicións e esa inferioridade non só non se corrixe ao longo da aplicación do modelo, que se establece por un tempo indefinido, senón que mesmo se acrecenta. Non converxemos en recursos, senón que diverxemos.

Como sabemos, co actual sistema de financiamento, Galiza obtén unha parte dos seus recursos pola vía da cesión dunha cesta de tributos, entre os que sobrancea o 33 por cento da recadación do IRFP, o 35 por cento do IVE e o 40 por cento dos chamados impostos especiais (alcol, hidrocarburos e tabaco). A recadación proveniente desta cesta supuxo para Galiza, en 2003, 2900,9 millóns de euros, arredor do 50 por cento dos seus gastos. O 50 por cento restante, até completar os 5717,6 millóns, cóbreo Galiza a cargo do chamado fondo de suficiencia estatal, que totalizou





2.762,7 millóns de euros segundo a liquidación do ano 2003, e a cargo tamén das transferencias de garantía para homologar o gasto sanitario. Mais ese fondo de suficiencia non provén de ningunha instancia exterior magnánima, provén dos nosos propios tributos, da nosa capacidade de produción de riqueza. O papá Estado benefactor e, por tanto, unha ficción. Non vivimos dun cheque solidario que se nos xira dende Madrid. Somos nós os que transferimos recursos cara ao centro, o centro límitase a devolvernollos só unha parte deles.

É máis. **O mito de que o Estado español é un dos máis descentralizados do mundo é iso, puro mito.** Primeiro, porque só está descentralizado o gasto, mais non a pedra angular de todo o sistema fiscal, que son os ingresos, que seguen a estar aferroladamente centralizados; segundo, porque se imos ao centro do Estado, Madrid, veremos que –segundo datos da Axencia Tributaria Estatal referidos a 2003– o 47,5 por cento dos tributos que se recadan no conxunto do Estado ingrésanse precisamente en Madrid, cando o PIB da capital é só do 17,4 por cento. En Catalunya a relación ingresos tributarios/PIB garda unha proporción máis racional: facturan o 18,3 por cento do produto interior bruto estatal, recadan o 22,2 por cento dos impostos. **É Madrid quen claramente representa un problema fiscal para o resto do Estado, e tamén para Galiza, e non Catalunya.**

Vaiamos aos últimos datos dispoñíbeis. Segundo a liquidación do ano 2003, os ingresos tributarios recadados polo Estado na Galiza ascenderon a 7662,3 millóns de euros. Esta cantidade non reflicte suficientemente a importancia da economía galega, porque nela non se recollen os tributos que empresas de grande envergadura radicadas no noso país pagan non en Galiza, senón en Madrid. **O chamado efecto sede (o feito de, por exemplo, ENDESA pagar o imposto de sociedades ou as cotizacións IRFP dos seus traballadores na capi-**

tal do Estado) está aínda por calcular, mais é obvio que, de o termos en consideración á hora de calcular a balanza fiscal co Estado, os propagandistas da solidariedade ficarian de inmediato sen argumentos. Pois ben, mesmo así, eses 7662,3 millóns de euros chegan non só para financiar as necesidades da comunidade autónoma galega, senón mesmo para producir un superávit a favor do Estado. Con efecto, o sistema de financiamento entrega a Galiza para financiar a súa autonomía un total de 5.717,6 millóns de euros, que proceden todos eles do esforzo fiscal dos galegos e das galegas. **Dito doutro xeito: o Estado recolle 7.662,3 millóns de euros e, desa cantidade, devólvenos só 5.717 millóns.** Un magnífico negocio para o Estado, por dúas razóns. Primeira, porque obtén un excedente de 1944 millóns de euros. Segunda, porque ao xestionar, liquidar e recadar todos os impostos, a aparencia é que é o Estado quen dá grazosamente eses recursos a Galiza, como se fose froito dunha transferencia solidaria, cando eses recursos son directamente nosos, teñen como orixe os nosos impostos.

Un dos defectos estruturais do actual modelo de financiamento é que é simétrico no punto de partida (a cesta de imposto que se cede é idéntica para todas as comunidades autónomas), mais claramente asimétrico na estación de chegada (unhas comunidades aparecen como máis autosuficientes do que outras). Así, Galiza co actual sistema só cobre o 50 por cento dos seus gastos a cargo da recadación da súa cesta de impostos polo que, como vimos, o Fondo de suficiencia achega o outro 50. Mentres, Catalunya obtén polos impostos cedidos o 88 por cento e polo fondo de suficiencia o 12 restante.

É obvio que un elemental sentido da xustiza aconsella inverter os termos do modelo para que se vaia dunha asimetría de partida a unha simetría de chegada. Para chegar ao 88 por cento de suficiencia catalá, a cesta galega tería que rexistrar porcentaxes sobre os seus impostos maiores que a de Catalunya.

O custo para o Estado sería cero (simplemente tería que reducir a achega do fondo de suficiencia), pero ficaría claramente en evidencia até que punto é falsaría a teoría da solidariedade estatal.

Este debate é esencial para nós como nación. É esencial socializarmos unha información precisa, baseada en datos rigorosos, que nos faga comprender a todos que somos o país do Estado que precisa con maior urxencia a mudanza a serio do vixente sistema de financiamento. Co modelo actual, Galiza sae perdendo porque o primeiro transfere ao centro máis do que recibe e, segundo, porque aparece ante a consciencia colectiva como un país sen futuro e estruturalmente abocado ao subsidio, isto e, á dependencia.

Por todo isto, é fulcral vincularmos o debate sobre o novo Estatuto de Nación á consecución dun modelo de financiamento para Galiza verdadeiramente xusto, vale dicir, un modelo que nos permita exercermos un autogoberno digno de tal nome e que nos permita, por tanto, pormos a economía e os recursos do país ao servizo das maiorías sociais. **Nisto vainos o futuro.**



Reflexións dun emigrante retornado

Xosé Cougil



Emigrei a Suiza no ano 1969 cando tiña trece anos pois alí estaban meus pais e meus irmáns. Isto para min foi unha gran experiencia e teño que dicir moi agradable dende o primeiro día. As escolas suizas xa tiñan daquela programas de integración para os rapaces estranxeiros, de xeito que nos axudaban a integrarnos na sociedade ensinándonos a lingua, os costumes, as leis,...

Estiven na escola de integración un ano e ao seguinte xa pasei á escola secundaria, Terminada esta etapa educativa con dezaseis anos, fixen un ano de escola preparatoria (Werkschule). Para o seguinte curso empecei a aprendizaxe de automoción na Gewerbeschule, o equivalente dun Politécnico de FP. Isto durou catro anos e ao final fixen o exame e acadei o diploma oficial de automoción suízo.

Chegados a este punto quero facer unha reflexión sobre a importancia que alí se lle dá á **formación profesional**. A semana estrutúrase de tal xeito que se combina dende o primeiro momento a **práctica coa teoría**: dous días son de teoría na escola e tres son de práctica nun taller privado que a escola che axuda a buscar. Eu que xa levo aquí algúns anos e aínda non comprendo como se lle dá tan pouca importancia á **formación profesional na Galiza**. Este sistema de ciclos non nos leva a ninguha parte, é caduco. Os rapaces saben algo de teoría e pouca práctica, mais ben parécese un aparcadoiro de rapaces, e así non se forman bos profesionais. **O futuro dun país** baséase en formación e investigación e, se queremos ser parte de Europa, teremos que aprender as cousas boas. Non podemos vivir sempre das franquías estranxeiras e hai que poñer os medios, non só cobrar os impostos e, de paso, sabermos tamen onde van parar.

Cando rematei a miña aprendizaxe xa me puxen a traballar como oficial de primeira e así traballei catro anos. Logo tiveron a oportunidade de coller un taller coa representación oficial Lancia e Fiat e coa idade de 26 anos fíxense autónomo. Ao comenzo, pensei que ía ser moi complicado todo o papeleo que tiña que facer para montar a empresa, pero non foi así. No Concello fun moi ben acollido polo responsable, despois de exporlle as miñas inquiredanzas eles encargáronse de todo cobrándome só un custo simbólico. Isto aconteceu no ano 1981. Digo isto porque cando volví para Galiza, no ano 2002 e montei a miña empresa todo foron atrancos e problemas. Ía preguntar a un sitio e mandábanme a outro de tal xeito que tiveron que coller un asesor para montala, cun custo altísimo ao que tiveron que facer fronte eu. Aquí as

institucións só parecen ter dereitos pero non deberes... Non se apoia a mediana empresa só as multinacionais, esquecendo que son as empresas pequenas as que máis man de obra ocupan e as que xeran máis riqueza para o país.

E significativo tamen o acontecido cando tiveron que me dar de alta en Fenosa para a electricidade. Fun a unha oficina en Santiago e despois de esperar tres horas fun atendido por un señor que, tras explicarlle ao que ía, me dixo, en ton despreciativo, que onde eu tiña a casa e o taller non había a potencia que eu necesitaba para a miña empresa e que a tiña que traer de Bertamiráns pero que farían un estudo e que xa me chamaría. Despois de dúas semanas, como non chamaba, fíxeno eu e, daquela, mandoume pasar pola oficina dicíndome que estaba complicado. Cando cheguei díxome que esa instalación me ía custar 13.000 euros. A min en Suíza, nos anos oitenta, foime todo gratis, só tiveron que pagar o enganche espeteille ao señor. Entón el, moi cabreado, ensinoume os acordos asinados polo goberno español e Fenosa. Naqueles momentos caeu a alma aos pés e pensei, estou no meu país de volta, onde as grandes empresas como Fenosa entraron a saco anegando as mellores terras e alterando o medio ambiente, como en Castrelo de Miño, zona de onde meus pais tiveron que emigrar. A empresa saca substanciosas ganancias das que nos informan cada ano pola televisión, mentres os galegos pagamos o mesmo prezo por un quilowatio e servizo de mala calidade o mesmo que se paga en Madrid, coa agravante, de que estas empresas xeran riquezas en Galiza e pagan os impostos en Madrid, onde non se produce ningún quilowatio.

A miña esperencia dime que se na Suiza tiveran este xeito de gobernar, a Confederación Helvética xa se tería roto hai moito tempo en anacos.



Xaquín Marín



OS EMIGRANTES RETORNADOS DE SUIZA: prestacións de seguridade dende os novos acordos entre a CEE e Suíza.

Xosé Nogueira



O convenio hispano-suízo en materia de seguridade social, de 13 de outubro de 1969, era un dos moitos convenios bilaterais subscritos entre o estado español e outros estados nesta materia. Esta situación mudou substancialmente a raíz do Acordo en materia de seguridade social entre a CEE e os seus membros e a propia Confederación Helvética, do 16 de outubro do 2000. Segundo o mencionado acordo, aos traballadores españois empregados en Suíza e aos retornados ao estado español aplicaráselles o **Regulamento 1408/71** e, polo tanto, en materia de seguridade social, os emigrantes retornados de Suíza e os seus familiares terán, en termos xerais, os mesmos dereitos e solucións que os empregados e retornados de todos e cada un dos países comunitarios, coas modificacións que introduciu o anexo do citado acordo.

Pormenorizando as distintas prestacións que os emigrantes retornados de Suíza poden facer valer diante das autoridades da Seguridade Social española, concrétese nas seguintes:

- a) En materia de **desemprego** poderanse solicitar as prestacións básicas para aqueles retornados que tivesen cotizado con anterioridade á súa saída para Suíza ou incluso facendo uso das cotizacións naquel país despois de ter perdido o seu traballo, ben sexa en Suíza ou no seu retorno a España. Da mesma maneira, pódese optar ao subsidio por desemprego para maiores de 52 anos sempre e cando se esgotase unha prestación básica de desemprego, se acredite cotización suficiente para xubilarse e que desa cotización, un mínimo de 6 anos fose ao réxime xeral.
- b) En materia de **prestacións por morte e supervivencia**, ou, o que é o mesmo, prestacións de viuvez, orfandade e a favor de familiares, seguiranse os mesmos criterios que se se tratase de retornados de países da área comunitaria logo de reunir os requisitos esixidos tanto no Acordo bilateral entre España e Suíza como nos propios regulamentos comunitarios. Isto permite que, mesmo, se poida gozar das prestacións como viuvo, cousa que ata agora non era posible.
- c) En materia de **prestación por invalidez permanente**, estarase ao que dispón o Convenio bilateral subscrito entre España e Suíza así como o Acordo entre a Confederación Helvética e a CEE do 16 de outubro de 2000. Neste sentido, é moi importante entender que as cualificacións das invalideces en cada país concreto, xa sexa Suíza ou España, atenderán aos criterios que cada país dispoña, predominando a cualificación médica no referido á Seguridade Social española e a cualificación médico-económica que prima

na normativa Suíza. Os graos de cualificación tamén varían segundo cada país. Todo isto é sen prexuízo de que cada beneficiario pode solicitar a prestación que corresponda en cada país, sendo compatíbel o grao que corresponda e a pensión asignada a el, aínda que sexa recoñecida por un ou outro país.

Tamén é certo que o recoñecemento dun grao de invalidez e a pensión que corresponda nun país non significa automaticamente o recoñecemento no outro país. En relación ás prestacións por invalidez recoñecidas pola Seguridade Social suíza, serán corrixidas convenientemente cando a persoa alcance a idade de xubilación.

- d) En materia de **xubilación** seguirase a normativa correspondente a cada país, como norma máis favorábel, mais sempre atendendo ás regras dimanantes do Acordo bilateral entre o Estado español e Suíza do ano 1969 e como novidade ao Acordo subscrito entre a Confederación Helvética e a CEE de 16 de outubro do 2000. Como cuestións básicas manterase o dereito ao retiro anticipado aos 60 anos en España, sempre que se acredite, xa sexa en España ou en Suíza, cotizacións anteriores ao ano 1967 no réxime xeral ou por conta allea, que se cotizase un cuarto do tempo neste último réxime, cun mínimo de 5 anos. En calquera caso, no retiro obrigatorio que estableceza cada país, serán compatíbeis as prestacións de xubilación que correspondan por un ou por outro calculadas a *pro rata temporis*. En definitiva España aboará a prestación que corresponda polo tempo cotizado, e Suíza a pensión que corresponda segundo as normas reguladoras dese país.

Este pequeno artigo quere resaltar sobremaneira a nova situación producida a raíz do acordo que en materia de seguridade social subscibiron a Confederación Helvética e a CEE, do 16 de outubro do 2000, que indubidabelmente afecta aos emigrantes retornados de Suíza en todo tipo de prestacións derivadas da seguridade social de ambos os países e dos regulamentos comunitarios sobre esta materia e que, nalgúns aspectos reforza esas prestacións, mais que en calquera caso se vai aplicar á normativa máis favorecedora.



Xenebra



O Reino de Galicia na idade media

A formación dunha nación

Anselmo López Carreira



As nacións fixéronse na Historia, en séculos de convivencia. A Galicia de hoxe é herdeira do seu pasado, infelizmente oculto e mal coñecido en gran medida, mais dotado dunha personalidade tan marcada e intensa que resulta imposible, como en poucos lugares de Europa, negar o seu proceso de construción nacional.

Porén, no remate do período medieval, a imposición do autoritario *estado moderno* por parte dos Reis Católicos, continuado pola *monarquía católica* dos Habsburgo, a *absoluta* dos Borbóns e, por fin, o *estado liberal* contemporáneo, crearon o marco político denominado "España", que para xustificarse precisaba negar a existencia nacional de Galicia e, por iso, esquecer ou silenciar a súa Historia.

Guiada por imperativos ideolóxicos, a *historia oficial*, trazada desde unha óptica castelanista, inventou unha secuencia que quería remontar o nacemento de "España" ata os visigodos, para pasar logo por Asturias, León e Castela. Neste esquema, a realidade histórica de Galicia debía ficar excluída e reducíase a mero complemento marxinal, carente de entidade propia.

Mais, o certo é que Galicia, malia non contar desde o século XV con organismos políticos independentes e non poder constituírse en Estado, fora conformando desde moito tempo atrás ese tipo de entidade social que denominamos nación. Ignoramos cando botaría a andar unha conciencia de unidade colectiva entre os habitantes desta Terra que os levase a se coñeceren a si mesmos como galegos. Non vén ao caso balizar un punto de partida. ¿Tal vez os que vivían nos castros?, ¿ou mesmo antes?. Desde logo, os romanos percibíronos con esa unidade e por iso constituíron unha "provincia" co nome de Gallaecia.

A identificación estaba dabondo madura cando, a principios do s. V, chegaron os suevos e crearon, no ano 410, un reino, o Reino de Galicia, primeiro que nace en Europa, sobre as ruínas do aínda vivo Imperio Romano.

Requiario (448-456) foi o primeiro rei que emitiu moeda propia, cousa ata entón exclusiva do emperador romano. El mesmo, no 449, ordenou a conversión dos suevos ao catolicismo. Desde ese momento deixou de haber diferenza de relixión entre suevos e galaicos, facéndose posible a fusión nacional de Galicia. Así pois, os que nos contemplaban desde fóra falaban xa de Reino de Galicia, cando aínda nos

demais lugares de Europa o referente seguía a ser étnico (reino dos francos, dos visigodos, etc.). Unha Galicia, por certo, que non se cinxía á actual Comunidade Autónoma, pois estendíase desde Cantabria ata preto de Lisboa, mapa que se manterá ininterrompidamente sen apenas variación ata o s. XII.

Neste *Gallicense Regnum* sorpréndenos a figura de Martiño de Dumio a mediados do s. VI, home de confianza de tres reis sucesivos: Carriarico, Teodomiro e Miro. Nesas datas, e mediante a súa intervención, florece o reino en todos os aspectos. Organízase en "diócesese" e "parroquias", tal e como aproximadamente chegan ata hoxe; multiplicanse os mosteiros e érguense igrexas; manteñen a súa puxanza as cidades; prodúcese, en fin, unha rica obra literaria.

No ano 585 Galicia foi incorporada pola forza ao reino visigodo, mais cando no 711 os musulmáns acabaron con este, renaceu independente aquel reino extenso de Galicia, non incluído no espazo andalusí. Por tanto, en Galicia nunca houbo "reconquista", concepto absolutamente carente de sentido na nosa Historia. Tan só a finais do s. X Almanzor realizou unha incursión profunda, acadando Compostela no 997 e arrebatándolle momentaneamente ao reino os territorios situados ao sur do río Douro, entre eles a cidade de Coimbra. Quitando esta pasaxeira alteración da fronteira, o Reino de Galicia mantivo uns límites estables, e os seus contactos co Al-Ándalus musulmán (que propiamente se denominaba 'España') non foron por definición hostís. Ao contrario, durante os séculos X e XI a influencia cultural cordobesa foi intensa e frutífera, patente na onomástica e na arte.



Fortaleza da Pambre



Castelo de Cornatel. Casa de Lemos. O Bierzo

Mentres tanto, a partir do s. IX (cando supostamente se descubriu a tumba do Apóstolo) prosperaba o fenómeno xacobeo, intensificado desde o XII por iniciativa de Xelmírez, primeiro arcebispo compostelán, empeñado en acrecentar a importancia da súa Igrexa, impulsor da obra da catedral e animador das peregrinacións. Polos camiños de Santiago confluían xentes de toda a cristiandade e aí se forxou unha Europa caracterizada pola diversidade nacional.

Por influencia francesa impúxose entón en Galicia o modelo europeo de sociedade feudal, co respaldo de Xelmírez e do rei Afonso VII Reimúndez. Isto supoñía a hexemonía dunha elite aristocrática representada pola alta nobreza (os condes de Traba), o episcopado (ante todo o compostelán) e un extenso e rico monacato, maioritariamente pertencente á orde de Cister.

No estamento popular, os campesiños dependían cada vez en maior medida dos grandes propietarios aristocráticos, aos que pagaban polas terras as rendas dos foros, mentres nas nacentes cidades emerxía unha burguesía artesanal e comercial que organizaba os concellos, en competencia cos señores feudais, maiormente os bispos respectivos.

En 1230 o Reino de Galicia (con capital en León desde o s. X; antes os reis residiran en Oviedo) únese ao de Castela, baixo o reinado de Fernando III. Esta opción era especialmente apoiada pola Igrexa galega, pero amplos sectores da nobreza laica e da burguesía urbana sentíronse prexudicados, pois os maiores beneficios da unión repercutían en favor da nobreza de Castela e Andalucía. Por iso, ao longo do s. XIV houbo varias tentativas de separación. As máis significativas tiveron lugar en 1370 e en 1386.

Na primeira delas, a burguesía e varios nobres (dirixidos pola familia dos Castro) ofreceron a coroa de Galicia ao rei Fernando I de Portugal, mais este, des-

pois de ter percorrido triunfalmente o país, tivo que retirarse perseguido por Henrique II de Trastámara, e renunciou ás súas aspiracións.

Pouco despois, en 1386, como resultado das xestións de destacados nobres galegos, reclamaba a coroa Xoán de Gante, duque de Láncaster, fillo do rei de Inglaterra. Desembarcou en Galicia e estableceu a súa Corte en Compostela, mais foi tamén unha expedición efémera e houbo de retirarse. En ambos os episodios apreciamos a opción atlantista dese sector da alta nobreza e da burguesía urbana, acorde cos intereses comerciais baseados na exportación de viño e de peixe polos portos de Pontevedra e da Coruña.

Frustrados ambos os intentos, o Reino de Galicia ficou desde entón unido ao de Castela e foi progresivamente perdendo capacidade política, debido ao fracaso da nobreza e á hexemonía da Igrexa, a cada paso máis desgaleguizada.

Por un momento, no século XV, a burguesía urbana púxose á cabeza do Reino, protagonizando a última, e ao mesmo tempo a máis potente acción colectiva. Frente ao crecente despotismo exercido polos bispos e pola nobreza emerxente dos novos condes tratamaristas, os concellos das cidades organizanse en irmandades, unificadas todas elas na Irmandade Xeral do Reino de Galicia. En 1467, actuando en nome do rei (Henrique IV) as irmandades asumen o goberno do país, tras facerse co control das fortalezas. A aristocracia (o arcebispo Fonseca, o conde Pedro Álvarez de Soutomaior, os de Lemos, Andrade, etc.) foxe de Galicia. Daquela, o Reino convértese nunha especie de república municipal. A experiencia durou pouco; en 1469 a aristocracia retornaba coa forza das armas e recupera o seu poder.

Para a historia do Reino de Galicia significou o principio da fin. Sen grupos sociais propios capaces de actuaren autonomamente, Galicia fica en mans dunha Igrexa aliada á monarquía castelá, e dunha fidalguía intermediaria. A nobreza condal saía debilitada do movemento *irmandiño* e dos seus propios debates internos, e a burguesía fracasada, tanto no terreo político como no económico, debido ao desprazamento das rutas comerciais.

Nesa situación, desde 1479 os Reis Católicos fan unha reforma política que centraliza fortemente o poder desde Castela, contando co respaldo do episcopado galego. Algúns condes opóñense ao novo modelo, no que eles se ven marxinados: Pedro Álvarez de Soutomaior ("Pedro Madruga"), os dous sucesivos condes de Lemos, e o mariscal Pedro Pardo de Cela. A derrota de todos eles, simbolizada na execución de Pardo de Cela en 1483, significou a incorporación de Galicia ao *estado moderno* nunha situación subordinada, politicamente dependente.

En teoría, o Reino de Galicia seguiu existindo ata 1833, mais desde finais do século XV carecía xa de toda capacidade política; era tan só unha circunscrición administrativa da Monarquía española.



As Irmandades da Fala

María Pilar García Negro



Neste ano en que andamos, 2006, cúmprense noventa da fundación, na Coruña, das Irmandades da Fala. Ramón Vilar Ponte foi o seu ideador e Antón, seu irmán, secundou entusiasticamente a idea, favorecendo a súa constitución e propaganda. 1916, pois, é un ano decisivo na historia contemporánea da Galiza (na realidade, o ano en que, historicamente, comeza o século XX), como data fundacional do nacionalismo galego e de todo o movemento de restauración e recuperación cultural a el asociado. É, con efecto, o proceso de libre determinación e de auto-organización que se dá no seo das Irmandades da Fala o que posibilitará e dará paso á autonomía política, que culmina na constitución do Partido Galeguista, na cidade de Pontevedra, en 1931, xa dentro da legalidade republicana.

Repárenos ben en como o nome escollido para esta organización primicial do nacionalismo e do movemento cultural del derivado privilexia, no seu título, a lingua, como principal signo identificador de nós, dos galegos. **O orgullo de a proclamar lingua de uso social, público, cultural, político...** simboliza a aspiración a sermos titulares plenos de dereitos xurídicos e políticos, non individuos precisados de tutela ou tutoría exterior. E, así, o **Manifesto da Primeira Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo, en Novembro de 1918**, proclama o carácter nacional da Galiza, reclama a autonomía integral, defende a federación das nacións internas ao Estado español e a igualdade de relacións con Portugal, reivindica a igualdade de dereitos xurídicos para as mulleres e establece todo un conxunto de facultades ou competencias para o Poder Galego, tanto no rexime fiscal, como no ensino, os camiños de ferro, os portos ou a agricultura. É ben interesante lembrarmos como, nos "Aspectos artísticos", se proclama a soberanía estética da nación galega, que se exercería sobre as construcións urbanas e as rurais; na expropiación de monumentos e paisaxes e máis na organización do ensino artístico, coa creación dunha escola musical gale-

ga. Obsérvese como varias destas cuestións principais, neste comezo do século XXI, seguen a ser obxecto de reclamación política e social.

Son participantes nesta asemblea nomes tan importantes para a nosa historia como os de **Lousada Diéguez, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Castelao** ou os irmáns, xa mencionados, **Antón e Ramón Vilar Ponte**. Falamos antes do idioma como primeira e principal preocupación política e cultural deste movemento. Podemos recordar como, xa en **1907, Manuel Lugo Freire**, destacado loitador agrarista, a quen se dedica precisamente este ano o **Día das Letras Galegas**, pronuncia o primeiro discurso político en galego, na cidade de **Betanzos**, inaugurando, así, unha práctica que seguiron os nacionalistas de ante-guerra e que recuperou o nacionalismo actual, desde os anos 60 do século XX.

Este Segundo Renacemento da cultura galega (que continúa o que, no século XIX, iniciaran **Rosalía de Castro, Curros, Pondal, Lamas Carvajal...**) vai producir obras fundamentais e vai promover empresas decisivas para a modernización da nosa literatura, da nosa arte, e máis para activaren decisivamente a conciencia nacional. O boletín **A Nosa Terra**, a revista **Nós**, as coleccións populares **Céltiga e Lar**, a fundación do **Seminario de Estudos Galegos, en 1923...**, son fitos ben indicativos da calidade e do patriotismo dos seus artifices. Non traballaron, estes nosos antepasados, con vocación de se dedicaren a unha cultura esterilizada, a comporen unha especie de arquivo ou de relicario. Moi polo contrario, sempre tiveron presente a necesidade vital de socializar o coñecemento de nós mesmos como instrumento para recobrar a autoestima precisa e para facer valer dereitos colectivos e, por isto, politicamente defendíbeis e reclamábeis.

Non menor importancia vai ter o equivalente deste movemento nas **colectividades galegas da emigración**, fundamentalmente en dous núcleos, **La Habana e Buenos Aires**. Non podemos pasar por alto que a obra fundamental da cultura galega do **século XX, Sempre en Galiza**, de **Castelao**, se publica en **Buenos Aires**, en **1944**, grazas ao celo patriótico de emigrantes galegos na República Arxentina.

En fin, lembrarmos todo isto non só é un acto de xustiza histórica, un desagravio para todos aqueles de quen descendemos e que permitiron, coa súa obra, que nós, hoxe, a podamos continuar, senón un magnífico exemplo e unha preciosa lección de ánimo e de pensamento que, no presente, aínda non culminou en absoluto e que, por iso, cómpre proseguir. Só así acadará pleno sentido o que neste pasado próximo se fixo (tanto e tan ben) pola Galiza, ou sexa, por todos nós.



I Asemblea Nacionalista de Lugo. 1918

Galiza (A Coruña), Marzo de 2006.



Por que un novo estatuto de nación para Galiza?

Carlos Aymerich



• Porque somos unha nación.

É un feito obxectivo, non apenas un sentimento melancólico: pola lingua, pola cultura, pola nosa estrutura económica, pola nosa consciencia política diferenciada... Xa que logo non se trata de que algúns neguen que Galiza é unha nación (sería como negar a chuvia ou negar o vento). O que fan é un xuízo de valor: o mellor para Galiza é que desapareza como nación (que desapareza a nosa lingua, a nosa cultura, a nosa paisaxe...) e se integre sen máis na nación española como Castela, Andalucía ou Madrid.

Pola mesma razón, os nacionalistas non nos contentamos con afirmar que Galiza é unha nación. É evidente, mais non imos ficar aí. Os nacionalistas presentamos un programa de acción política para que o carácter nacional de Galiza poida desprezar todas as súas consecuencias en beneficio dos galegos. Como Castela escribiu hai setenta anos, os nacionalistas de hoxe non discutimos que Galiza é unha nación; o que estamos dispostos a discutir son os dereitos que como tal se lle deben.

Na Galiza de hoxe, afirmar sen complexos o noso carácter nacional supón traballar por un novo Estatuto e por un novo sistema de financiamento: un novo marco político e económico que nos faga estar á altura dos retos que imos afrontar nos próximos anos e nos permita, como cidadáns galegos, lograr o benestar e construír unha sociedade máis xusta e máis igualitaria.

• Agora é o momento

Porque non hai que xustificar a liberdade. Como cidadáns dunha nación reclamamos o dereito de autogobernarnos, de tomarmos as rendas dos nosos asuntos.

Porque o Estado, con todas as súas contradicións, está a camiñar cara a unha configuración asimétrica do poder político no que cadaquén, cada pobo, vai depender das súas capacidades e do seu poder. É tempo, pois, de prevermos no novo Estatuto os instrumentos políticos e financeiros que nos permitan xestionar os nosos recursos e pór en valor as nosas potencialidades, sen agardar por solidariedades inexistentes.

Porque fronte á campaña do medo do PP –“pártese España, imos perder cartos”– e ao conformismo do PSOE –“somos pobres, precisamos da solidariedade do Estado”– é unha evidencia que Galiza ten que coller outro rumbo. A dependencia e a submisión

trouxéronnos até aquí: a termos os salarios e as pensións máis baixas de todo o Estado, a perda de poboación e á emigración da xente nova, ao desemprego e á precariedade, Logo de que temos que ter medo os galegos? Cal é a solidariedade de que nos están a falar? É unha evidencia: máis autogoberno para a nación é igual a máis benestar para a cidadanía.

Despois de vintecinco anos precisamos un novo Estatuto. Galiza non se pode permitir perder o tren outravolta.

• Con que contidos?

Precisamos dun Estatuto que estableza, con clarezza, os dereitos e os deberes dos galegos. Que garanta dereitos sociais e servizos públicos universais e que poña valados fronte á restrición de liberdades que o neoliberalismo tenta impor.

Un novo Estatuto que introduza unha nova organización, máis racional, do noso territorio superando unha división provincial que hoxe carece de sentido. Que protexa dun xeito eficaz o noso medio e o noso patrimonio cultural. Que poña a nosa lingua nacional no lugar que por dereito lle corresponde. Que responda claramente á Galiza de hoxe constituída tamén por unha diáspora que, con toda xustiza, reclama dereitos e participación na vida cultural do país.

Un novo Estatuto que prevexa un ámbito competencial amplo, coherente e garantido para Galiza e estableza un marco de relacións entre o noso país e o Estado baseado na bilateralidade e na igualdade.

Un Novo Estatuto, en fin, que regule un sistema de financiamento que supere a idea –falsa– da Galiza subvencionada e dependente e que asegure os recursos suficientes para construír unha sociedade máis igualitaria, obrigando ás empresas que explotan os nosos recursos naturais a tributaren en Galiza.

• Como o podemos lograr?

Levando o debate á rúa, mobilizando a sociedade. Aos nacionalistas de hoxe correspóndenos, fronte ás resistencias duns e as reticencias doutros, convencer ao conxunto da sociedade de que un novo Estatuto de Nación é imprescindible para logramos o benestar a que temos dereito. **Como o Partido Galeguista de hai setenta anos, de Bóveda e de Castela, o éxito desta empresa depende hoxe de nós: de todos os galegos e galegas, de dentro e de fóra, que lle queremos a este país.**



Estamos no mundo

Xulio Ríos



Tradicionalmente, veuse falando da emigración como unha perda traumática de enerxía social e demográfica, como expresión das carencias do país, paliadas parcialmente polo seu labor dende os países de acollida, alentando iniciativas sociais e culturais, artellando compromisos políticos á espera dunha normalización asentada no progreso e na recuperación das capacidades externalizadas a través do feito migratorio. ¿Mudan as percepcións? Penso que si. E vén sendo hora de reivindicar non soamente o papel da emigración no pasado senón tamén o enorme valor que hoxe e no futuro supón contar cunha diáspora como a galega para que o noso país poida progresar, integrando a emigración nas súas estratexias de desenvolvemento, en especial, nas súas relacións co mundo, un asunto clave para que Galicia poida situarse adecuadamente no complexo tempo en que vivimos.

No mundo de hoxe, cando a mundialización é o que máis se conxuga e países, empresas, entidades, etc., procuran facerse un espazo no mundo, é cando nós podemos dicir que xa temos moito camiño andado. En efecto, Galicia está presente no mundo dende hai moitas décadas, non soamente a través de contadas empresas que souberon articular unha *política exterior* adecuada ás súas necesidades estratéxicas, senón a

través tamén de moitos galegos e galegas que exhiben a súa condición en moitas cidades do mundo enteiro.

Esa presenza da nosa diáspora en multitude de países permítenos hoxe poder censar toda unha importante lección de políticos, de xentes da cultura, de científicos, de comunicadores, de empresarios, de sindicalistas, etc., que, tristemente, na súa inmensa maioría son descoñecidos para o gran público galego. E se foramos capaces de integralos co país, o beneficioso efecto en termos de autoestima e de multiplicación das posibilidades de progreso bilateral serían ben estimulantes. Claro que para iso precisaríase intelixencia e perseveranza, dúas virtudes que non sempre abundan entre os nosos xestores públicos.

Como de mundialización, fálase hoxe tamén de *sociedade do coñecemento*, para facer referencia a un estadio de desenvolvemento da sociedade caracterizado pola rapidez dos cambios e a importancia fundamental da tecnoloxía, e no que a xeración de riqueza e o benestar se entenden estreitamente vinculados aos investimentos en innovación e, moi especialmente, á xeración de coñecemento.

Certamente, ao igual que na era agrícola o activo principal era a terra e na era industrial o capital, os novos tempos están dando paso a unha nova era, na que a fonte de valor máis importante para as sociedades, ao nivel que



Xenebra



Coruña, emigración a América

sexa, é o coñecemento. Neste contexto, ao igual que unha correcta xestión dos recursos materiais leva consigo un efecto positivo no crecemento e polo tanto nos activos tanxibles, unha óptima xestión do coñecemento, no seu sentido máis amplo, supón un desenvolvemento e mellora continua dos activos intanxibles, tamén denominados capital intelectual. Este é o factor que se perfila como clave para a competitividade no novo século e quen o coñeza, o valore e xestione de forma eficiente terá moitas posibilidades de competir con éxito nese novo escenario.

É ben sabido que o capital intelectual pode ser entendido como a habilidade para transformar o coñecemento e o resto de activos intanxibles en recursos xeradores de riqueza, tanto para as empresas, como para as comunidades ou os países. O capital intelectual, integrado polo capital humano, o capital relacional e o capital organizativo, concreta os fluxos de coñecemento e salienta a idea da xestión do coñecemento organizativo como unha circunstancia central para impulsar a espiral de creación. O capital intelectual, así entendido, é unha ferramenta de importancia estratéxica que debe facilitar a máis eficiente xestión dos nosos recursos e activos, xa sexan intanxibles ou non.

O capital humano serve de base para a xeración de capital estrutural e relacional. No caso da diáspora é o conxunto dos recursos intanxibles que posúen os seus membros, as súas competencias, a súa actitude, a súa idoneidade e disposición para crear valor organizativo con sentido estratéxico e cunha xestión e transformación adecuada, resulta especialmente capaz para xerar crecemento. O capital humano pode ser cualificado así *como capital de identidade*, é dicir, nucleado arredor do sentimento de pertenza a unha identidade é un elemento importante e valioso na motivación dos axentes persoais que comparten percepcións, que filtran a realidade en función da súa identidade e condicionan positivamente a súa motivación para implicarse en proxectos comúns. Na diáspora galega o sentimento identitario é moi explícito e concreta unha ferramenta fundamental para a adecuada xestión do coñecemento, entendido como un proceso mediante o cal adquirimos, xeramos, almacenamos, compartimos e utilizamos coñecemento, información, ideas e experiencias para mello-

rar a calidade na toma de decisións na acción institucional e a outros niveis.

Ese capital intelectual, combinación clave de activos humanos e estruturas organizativas, é un activo que se aprecia co tempo, a diferenza doutros activos tanxibles, e por iso Galicia debe esforzarse en apreciálo adecuadamente, especialmente entre as capas dirixentes.

Un dos retos principais para a Galicia do presente é transformar ese capital intelectual en capital estrutural e estruturado, que explicita a cada paso unha sistematización e internalización organizativa dos coñecementos latentes en persoas e en equipos. Cando pensamos no inxente caudal de capital relacional do que dispoñemos os galegos, referímonos esencialmente ao valor que ten para un país, para a súa universidade, para a súa cultura, para as súas empresas... o conxunto de relacións que mantén co exterior con ese nexo común, cargado de potencialidade, que supón a nosa diáspora comprometida co país, para xerar novas relacións no futuro.

Galicia ten máis fácil o que para moitos outros resulta máis complexo, a identificación e presenza das fontes de capital intelectual, é dicir, dese factor clave que xera o valor diferencial nun mundo con moitas das súas fronteiras diluídas. A diáspora é unha vantaxe competitiva que podemos aproveitar se fidelizamos as relacións existentes con ela e lle facemos interactuar cos diferentes axentes económicos e sociais para propiciar novas dinámicas de expansión e de crecemento, fomentando unha maior calidade nas relacións bilaterais, con especial atención á reciprocidade.


Os que se foron, os que se van, non traizoan o país. Hoxe estamos no mundo tamén grazas a eles. O que sería imperdoable é que, sabéndoo, non buscásemos e habilitásemos fórmulas que permitan a súa posta en valor e a integración desa variable nas políticas galegas. Non soamente dende o punto de vista asistencial, indispensable claro está, senón para crear esa rede que nos permita estar dentro e fóra optimizando recursos que hoxe gozan dunha importancia capital e que poden contribuír, dun xeito totalmente diferente a como o fixeron no pasado, a universalizar o país e garantir o progreso e o benestar de toda a comunidade galega, con independencia do seu lugar de radicación.

Xulio Ríos é director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, www.igadi.org



Nunca Máis, un berro que non debe cesar

Rafa Villar*



O pasado mes de novembro facíanse tres anos da catástrofe provocada polo accidente e posterior afundimento do petroleiro de nome "Prestige". Tres longos anos, e aínda é tempo de repetir NUNCA MÁIS, de que as nosas gargantas sigan a estourar co berro NUNCA MÁIS. O berro dos e as que non nos dobregamos. O berro dun pobo que soubo facer fronte ao "Prestige" e á súa negra sombra. Un pobo que non sucumbiu ao chapapote, que supliu o desamparo de gobernos e administracións coas súas propias mans. As nosas mans. Mans de mariñeiros e mariscadoras, e de tantas mulleres e homes anónimos que combateron o fuel durante días, e semanas, e meses...

En novembro volveu resoar o NUNCA MÁIS nas rúas de Compostela. O noso berro e a nosa esperanza. Coa mesma forza, coa mesma coherencia, coa mesma firmeza. Porque a ferida aínda está no mar. E o mar está en nós, como nós estamos no mar. Con cada marea, veñen e vanse os nosos soños e os nosos devezos. Que sería de nós, da nosa batida identidade atlántica, sen ese horizonte que tracexa o furioso océano?

Pero, estamos preparados para o seguinte, para outro "Prestige"? Non o estamos, non, para nada. E, con todo, temos que evitalo. Témolos que evitar. Todas as nosas accións futuras deben ir encamiñadas a iso, a evitar outro "Prestige". Velai o noso compromiso. E contamos con todo un pobo que aprendeu -e non o esquece- a dicir NUNCA MÁIS.

Xa transcorreron tres longos anos e algo máis. Tamén é tempo de solucións, aínda. Quen intente pasar páxina e pechar en falso este negro capítulo da nosa historia, social e humana equivocárase. E farao gravemente. Ninguén pode desertar das súas responsabilidades. E moito menos, quen ten o mandato lexítimo para obrar en consecuencia. "Nunca Máis" estivo, está e estará para recordarllo. Porque xa o dixemos e volvémoslo dicir, non esquecemos. Non podemos esquecer e non esquecemos.

NUNCA MÁIS, o noso berro que non cesa.

[Texto realizado con fragmentos do manifesto lido ao final da manifestación de "Nunca Máis" celebrada o pasado día 13 de novembro en Santiago de Compostela]

(*) O escritor Rafa Villar é voceiro nacional da plataforma cidadá "Nunca Máis"





Porto da Coruña, ano mil novecentos e pouco

eu quería que meu bisavó fose pirata barbazul
pero el sobe a aquel barco, cos seus primeiros zapatos de 18 anos,
sen máis terra que a das súas unllas labregas

América era o seu horizonte de espuma
e meu bisavó di un adeus sen apenas dirección
con bágoas sequísimas e un silencio gris
até chegar á Arxentina

meu bisavó nunca me falou de Bos Aires

eu quería que meu bisavó cantase polas avenidas
tangos saudosos
na lembranza dun país que se cadra era un destino,
ou un amor,
pero meu bisavó só coñeceu
a cidade raulgonzaleztuñón e tabernaria
un porto que era unha illa esquecida
e homes tatuados
nas sombras nocturnas dos arrabaldos

meu bisavó volveu cun bandaneón baixo do brazo
e cicatrices como lascas de memoria e soidade

meu bisavó baixa daqueloutro barco,
enfermo de atlántico,
tusindo un tempo que se esfuma na súa fame lenta

eu quería que meu bisavó fose indiano
de chaleco, levita, chapeu e reloxo no peto
pero meu bisavó traballaba día e noite
para facer un enorme banco de carpinteiro
e entre garlochas, martelos, puntas, serras, táboas...
consumía a súa vida e fabricaba esquecementos

meu bisavó nunca me falou de Bos Aires

poucos días antes de morrer
meu bisavó apenas nos recoñecía
e só falaba de xente enterrada na chuvía da memoria
e dunha terra, alén do mar,
que aínda debía gardar a súa suor
e mais a súa mocidade

Rafa Villar

